

FOLGA EN LITEYCA

Os traballadores da Empresa Colaboradora Liteyca na Coruña están en folga indefinida dende o 23 de Xullo, despois da negativa da empresa a negociar cos traballadores o que na práctica se traduce nun empeoramento nas súas condicións de traballo polo novo contrato asinado entre Telefónica e Liteyca.

Dende a Sección Sindical da CIG queremos mostrar o noso apoio e solidariedade cos traballadores de Liteyca e tamén denunciar e rexeitar as prácticas levadas a cabo estes días en Telefónica, derivando traballo de Liteyca cara outras Empresas Colaboradoras e cara a traballadores da propia Telefónica, boicoteando de este xeito o dereito á folga dos compañeiros.

Pedímosvos a todos que non vos prestedes a este xogo ilegal que pretende Telefónica ofertando traballo de Liteyca a outros traballadores pois o que estaredes facendo e pisarlle un dereito a outro traballador coma nos.

A Coruña 27 de Xullo de 2007